

INFORMACIÓN NECESARIA PARA SOLICITAR EVENTOS NO MONTE

- **Documentación necesaria** : segundo o establecido no art. 88.2 e 98.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia e no art. 54bis da Lei 43/2003 básica de montes, hai que presentar a seguinte documentación:

1. Autorizacións expresas das comunidades de montes e/ou propietarios dos montes polas que transcorre a proba en documento orixinal e a sinatura co nome completo e cargo do presidente ou secretario.

Se precisan saber cales son comunidades de montes polas que transcorre a proba poden consultar en :

<http://mapa.xunta.gal/visores/pba/>

Capas>Afeccións>Montes Veciñais

2. Escrito descritivo do evento no que figure: horarios, nº de usuarios/participantes e/ou asistencia de público se é o caso, sinalización a empregar (tipo, distancia e adecuación), adecuación do vial, coordenadas UTM da saída e chegada do percorrido.
3. Compromiso expreso do promotor de asumir o mantemento da restauración dos posibles danos e da responsabilidade civil
4. Cartografía a escala suficiente (1:25.000 ou 1:10.000) para a súa delimitación física en campo, co itinerario marcado indicando se o percorrido afecta a estradas e vías públicas ou ficheiro dixital en formato KML ou DXF xeorreferenciado do percorrido, indicando o sistema de referencia empregado, co itinerario marcado, indicando se o percorrido afecta a estradas e vías públicas.
5. Documentos de responsabilidade civil.

6. Declaración xurada na que os organizadores se comprometen a cumprir as normas covid que estean vixentes no momento da realización do evento ou Protocolo COVID 19 en cumprimento del artigo 3.22 de la Resolución de 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a la crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan de transición cara unha nova normalidade.

- **Prazo para presentar** : os artigos 88.2 e 97.3 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, establecen que as solicitudes de autorización farase cun prazo mínimo de **3 meses antes** do desenvolvemento do acto ou da actividade no monte.

- **Quen está obrigado a presentar electronicamente** : Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 02.10) as persoas xurídicas ou quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración son suxeitos obrigados a relacionarse a través dos **medios electrónicos** coas Administracións Públicas.

- **Como presentar unha solicitude na sede electrónica:**

<https://sede.xunta.gal/portada>

Entrar en la página <https://sede.xunta.gal/portada>

1

Localice o procedemento ou servizo na [guía de procedementos e servizos](#), consulte a información do trámite e revise a documentación obrigatoria para presentar a solicitude que figura na pestana "Presentación" no apartado "Documentación para a presentación".

No apartado "Anexos asociados" ten dispoñibles modelos en formato .pdf para aqueles documentos para os que se precisan. Descargue no seu equipo os modelos que deba presentar e cúbraos. Garde ou imprima a un arquivo electrónico de cada modelo cuberto para anexalo posteriormente na presentación.

No caso de que o procedemento non figure na guía, poderá empregar a [solicitude xenérica.](#), neste caso é a que tes que utilizar. (PR004) dirixida a Xefatura territorial de Montes Pontevedra

2

Prema en "Tramitar en liña" para iniciar o trámite electrónico.

Identifíquese empregando un certificado electrónico ou Chave365.

3

Agora xa está dentro do seu espazo persoal "[A miña sede](#)".

Cubra o formulario e lembre que pode gardalo para recuperalo máis adiante desde o apartado "Os meus borradores" de "A miña sede".

Cando o teña cuberto, prema en "Continuar".

4

Anexe a documentación que queira presentar xunto co formulario. Inclúa os modelos cubertos no paso 1.

Pode consultar [como enviar ficheiros que non teñen o tamaño ou o formato aceptados por esta sede](#).

5

Asine o formulario e a documentación que quere entregar.

Pode facelo cun certificado electrónico empregando a aplicación [Autofirma](#) ou, se emprega Chave365, coa clave de sinatura que recibirá no seu móbil.

6

Descargue o xustificante da presentación.

Poderá tamén acceder a este documento desde o apartado "Os meus expedientes" de "[A miña sede](#)".